

M.^a SOL LÓPEZ MARTÍNEZ

**O COMPLEMENTO DIRECTO CON
PREPOSICIÓN A EN GALEGO**

Verba, ANUARIO GALEGO DE FILOLOXÍA
ANEXO 36

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1993

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	9
I. O CD con preposición <i>a</i> no galego.....	17
1. Descrición do CD con <i>a</i> nos textos medievais.....	17
1.1. Poesía.....	17
1.1.1. Cancioneiros.....	17
1.1.1.1. Cancioneiro da Ajuda.....	19
1.1.1.2. Cantigas d' Amor.....	27
1.1.1.3. Cantigas d' Amigo.....	30
1.1.1.4. Cantigas de Escamho e Mal dizer.....	33
1.1.2. Cantigas de Santa Maria.....	36
1.1.3. O Cancioneiro de Lang.....	52
1.2. Prosa.....	57
1.2.1. A traducción galega da Crónica Xeral e da Crónica de Castela.....	58
1.2.2. General Estoria.....	72
1.2.3. Fragmento do Livro de Tristán.....	80
1.2.4. Crónica Troiana.....	81
1.2.5. Historia Troiana.....	94
1.2.6. Miragres de Santiago.....	105
1.2.7. Corónica de Santa María de Iria.....	111
1.3. Documentos.....	115
2. Descrición do CD con <i>a</i> nos textos dos séculos XVI a século XX.....	127
2.1. O CD con <i>a</i> nos textos dos séculos XVI a XVIII.....	127
2.2. O CD con <i>a</i> nos textos do século XIX.....	131
2.2.1. Cos pronomes.....	135
2.2.1.1. Cos pronomes persoais.....	135
2.2.1.2. Cos pronomes non persoais.....	137
2.2.2. Cos nomes propios.....	140
2.2.3. Cos nomes comúns.....	145

2.3. O CD con <i>a</i> nos textos do século XX.....	152
2.3.1. Cos pronomes.....	153
2.3.1.1. Cos pronomes persoais.....	153
2.3.1.2. Cos pronomes non persoais.....	154
2.3.2. Cos nomes propios.....	156
2.3.3. Cos nomes comúns.....	162
II. A ORIXE DO CD CON PREPOSICIÓN A.....	171
1. Teorías sobre a orixe e a expansión da construción preposicional.....	173
1.1. F. Diez, J. Brauns e E. C. Hills.....	173
1.2. L. Spitzer.....	174
1.3. H. Meier.....	175
1.4. G. Reichenkron.....	178
1.5. A. Nicolescu.....	179
1.6. L. Onu.....	183
1.7. A. Nocentini.....	185
2. Factores que interveñen na orixe do CD con <i>a</i> no galego.....	187
2.1. O réxime dos verbos do latín ó galego.....	189
2.2. As cláusulas con verbos de mandato, consentimento e percepción con infinitivo.....	202
2.2.1. Verbos de mandato e consentimento.....	203
2.2.2. Verbos de percepción.....	206
2.3. A estrutura da cláusula.....	207
2.3.1. O CD constituído por unha construción comparativa.....	208
2.3.2. O CD constituído por unha estrutura paralelística.....	209
2.3.3. A orde dos elementos na cláusula.....	211
2.3.3.1. Anteposición do CD.....	211
2.3.3.2. A posposición do suxeito.....	213
4. Unha hipótese da xénese e expansión do CD con <i>a</i>	214
III. EVOLUCIÓN DO CD CON A NO GALEGO.....	219
1. Nos pronomes.....	221
1.1. Nos Pronomes persoais.....	221
1.2. Nos pronomes non persoais.....	224
2. Nos sustantivos.....	235
2.1. Nos nomes propios.....	235
2.1.1. Nos nomes propios de persoa.....	235
2.1.2. Nos nomes propios xeográficos.....	241
2.2.3. Nos nomes comúns.....	247
CONCLUSIÓNS.....	253
BIBLIOGRAFÍA.....	259

PRESENTACIÓN

Este libro é o resultado da revisión dunha parte do que foi a nosa Tese de Doutoramento, *O complemento directo con preposición a en galego*¹. O estudio do complemento directo con preposición é unha das cuestións da gramática galega que, ata o momento, non fora obxecto de atención por parte dos investigadores. Este traballo quere ser, por tanto, unha primeira aproximación a un tema que resulta moi complexo tanto na lingua galega coma no resto das linguas romances. É o noso propósito, xa que logo, partindo dun corpus que abrangue tódalas etapas do galego, describi-la utilización da preposición e propor unha posible hipótese da orixe desta construción na lingua galega e, ó mesmo tempo, contribuir ó conxunto de estudos particulares que, sobre cada unha das linguas románicas, se teñen realizado.

¹ Tese dirixida polo prof. Dr. D. Ramón Lorenzo e defendida na Universidade de Santiago de Compostela o 22 de xullo de 1991 diante do tribunal formado polos profs. Drs. Dña. M^a Antonia Martín Zorraquino (Presidente), D. Emilio Montero Cartelle, Dña. Ana Cano González e Dña. Inês Silva Duarte (vocais) e Dña. Rosario Álvarez Blanco (secretaria).

INTRODUCCIÓN

O emprego de preposicións coa función de CD é un fenómeno característico dunha boa parte das linguas románicas, entre as que se inclúe o galego. A inxenuidade dos investigadores por explicar esta estrutura vén sendo expresada nos traballos que desde o século XIX se foron publicando sobre o tema.

Na evolución do latín ás linguas romances prodúcense unha serie de cambios fonéticos, gramaticais e semánticos encamiñados a constituír-la estrutura lingüística de cada unha das novas linguas. A perda do sistema casual latino e a súa substitución por un sistema preposicional conforma un dos procesos fundamentais na configuración do sistema lingüístico das linguas románicas. Desde o propio latín as preposicións acompañan a determinadas desinencias casuais. Nun primeiro momento, utilízanse para especificar máis a relación, non sempre nítida, indicada polas desinencias casuais; posteriormente, un maior uso das preposicións fai innecesario a distinción casual, que acaba por se perder totalmente nas linguas que están xurdindo¹. Prodúcese, polo tanto, un cambio importante, que exige a utilización de novas formas para tratar de diferencia-las distintas funcións que se dan na estrutura clausal.

No latín as funcións da cláusula² estaban desempeñadas polos distintos casos. Así, o nominativo utilizábase normalmente para a función de suxeito, o acusativo para a de CD, o dativo para a de CI, etc. Este último, desde o propio latín, amosa unha tendencia a ser substituído pola estrutura *ad + acusativo* (vid. Bassols, 1945, I, § 134). A xeneralización desta construción cando se perden as desinencias casuais permitirá diferencialo con claridade do suxeito, posto que esta función de CI posúe normalmente o trazo de + *animado* e, xa que logo, podería interpretarse coma suxeito naqueles verbos que para esta función empregan unha frase coas mesmas características. Pola contra, as funcións de suxeito e de CD (nominativo e acusativo respectivamente) diferenciábanse no latín polas desinencias casuais. Se temos en conta que a orde dos elementos funcionais do latín na cláusula era de S-CD-V (vid. Renzi, 1982, p. 184), ó desapareceren estas desinencias cómpre artellar algún outro mecanismo

¹ Esta afirmación ten algunhas restriccións, posto que a maioría das linguas románicas conservan restos de casos nos pronomes persoais e, por outra parte, o francés antigo e o provenzal posuían unha declinación bicasual no nome (vid. Renzi, 1982, p. 187).

² Entendémo-lo termo cláusula tal como o define G. Rojo "la categoría en la que tienen lugar las que Martinet llama *funciones primarias* (sujeto, predicado, complemento directo, etc.)" (1978, p. 53).

formal que sinala as diferencias entre as devanditas funcións. Deste xeito, as novas linguas establecen unha orde *non marcada* ou *ordinaria* (vid. Renzi, *op. cit.*, p. 257) na que o predicado ocupa a posición central entre o suxeito e o CD. Así pois, no dominio románico a distinción destes dous elementos funcionais viría dada, nun principio, pola posición que ocupan na cláusula; sen embargo, a identificación dunha función coa posición que ocupa condicionaría unha orde ríxida dos elementos funcionais que non achamos en tódalas linguas románicas.

Son normalmente aquelas linguas que amosan unha maior liberdade posicional para as distintas funcións as que lle intentan dar algún tipo de caracterización á función de CD. Xorde, así, nalgunhas destas linguas, a posibilidade dun CD con preposición. Sen embargo, este fenómeno non ten as mesmas características en todas elas. Así, a forma preposicional empregada non sempre é a mesma no romanés, o CD constrúese coa preposición *p(r)e*, no gascón con *en(d)a*, nas linguas iberorrománicas con *a*, etc. Por outra parte, o campo de actuación da preposición non é o mesmo en tódalas linguas que coñecen este fenómeno³. Estes son algúns dos problemas cos que se atopan os investigadores cando tentan explica-la orixe e a finalidade da preposición desde unha perspectiva panrománica.

Aínda que este fenómeno se acha nunha boa parte das linguas románicas (Rohlf, 1971), o castelán e o romanés son os que amosan un uso máis xeneralizado⁴. A maior extensión da construción nestas dúas linguas centrou o interese dos investigadores, que desde perspectivas distintas trataron de explica-las causas da súa orixe, a súa significación e finalidade. Neste senso, as explicacións de carácter panrománico non chegaron a dar resultados totalmente satisfactorios, debido a que o material que se empregou para corrobora-las distintas hipóteses procedía fundamentalmente destas dúas linguas. Entendemos, pois, que calquera explicación de carácter global relacionada con esta construción debe ter en conta as características específicas que esta estrutura posúe en cada lingua.

A nosa intención, como sinalamos anteriormente, é aportar un estudo máis desta construción preposicional nunha das linguas románicas que, ata o momento, non foi obxecto de análise e, xa que logo, non se tivo en conta para as explicacións panrománicas.

A lingua galega utiliza a preposición *a* co CD desde os primeiros textos diante de pronomes, nomes propios e nomes comúns de persoa. A frecuencia de uso, sen embargo, é diferente segundo a clase ou subclase de palabra que funcione coma CD. A finalidade deste estudo será, polo tanto, describi-la extensión do fenómeno na nosa lingua, analiza-los factores que propician a utilización da preposición e, por último, intentar explica-la súa orixe e significación tanto na lingua medieval coma na moderna.

³ Os traballos de H. Meier (1947) e (1948), Nicolescu (1959), Onu (1959) e Roegiest (1979), entre outros, dan conta das diferencias de uso nas distintas linguas románicas.

⁴ Esta xeneralización non se produciu de forma simultánea nas dúas linguas; no castelán a preposición está presente desde as primeiras manifestacións escritas, mentres que no romanés non aparece ata o século XVI (vid. Onu, 1951).

Para cumprir estes obxectivos utilizaremos un corpus de exemplos que abrangue desde a Idade Media ata a actualidade. Este material permitiranos observa-lo estado desta construción nas distintas etapas do galego. Aínda que os exemplos recollidos pertencen a tódalas etapas da lingua, os factores de orde externo que, cremos, interviñeron na evolución da lingua galega despois do período medieval fixéronnos concederlle unha maior importancia á análise dos textos medievais. Desta etapa analizámo-la maior parte dos textos de poesía, prosa e coleccións de documentos coñecidos.

Nos séculos posteriores, ante a imposibilidade de reuni-los exemplos de tódolos escritos, procedemos a facer unha selección de textos, pertencentes a distintos xéneros literarios (poesía, novela e teatro) e tamén a diferentes autores. Deste xeito, cremos que se poderán observa-las posibles diferencias no emprego da preposición.

A análise deste material presenta dous problemas fundamentais: un relacionado coas edicións dos textos e outro coa representación gráfica. Na etapa medieval a principal dificultade está relacionada coas edicións que puidemos manexar. Por un lado, as edicións dalgúns textos, que constitúen parte do noso corpus, non foron feitas a partir dos códices orixinais; con todo, nalgún caso, as copias utilizadas pertencen a unha data próxima á da elaboración do orixinal. É o que ocorre, por exemplo, co *Cancioneiro da Ajuda*, do que se conserva unha compilación datada a finais do século XIII⁵, realizada, polo tanto, cando aínda vivían algúns dos trobadores incluídos neste cancionero. En cambio, as copias do *Cancioneiro da Vaticana* e do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* que chegaron ata nós foron elaboradas en Italia no primeiro cuarto do século XVI, a partir dun arquetipo copiado así mesmo en Portugal a mediados do século XIV, por iniciativa do Conde de Barcelos (vid. Tavani, 1986 pp. 66-68). Cómpre, polo tanto, ter en conta, tanto no primeiro códice coma nos outros dous, a posibilidade de que os copistas fixesen algunha aportación persoal de carácter fonolóxico, morfolóxico ou sintáctico⁶. Por outro, a lectura e a interpretación dos manuscritos que achamos nalgúns edicións críticas non sempre é a máis atinada.

O primeiro dos problemas -a falta de códices orixinais- non hai posibilidade de resolvelo e, polo tanto, atémonos ás edicións críticas, elaboradas a partir das copias existentes. Respecto do segundo, nos textos en que puidemos dispor de máis dunha edición crítica, utilizámo-la que consideramos máis fiable e completa. Desta maneira, de entre as edicións máis recentes que se fixeron da *Crónica Troiana*, a de K. M. Parker (1978) e posteriormente a de R. Lorenzo (1985), manexámo-la realizada por este último. Noutros textos, coma a *Historia Troiana* e a *General Estoria*, dos que só dispoñemos das edicións de K. M. Parker (1975) e de R. Martínez López (1963), res-

⁵ Esta copia foi feita probablemente arredor de 1284, na corte de Afonso X (vid. Tavani, 1986, pp. 65-68 e C. Michaëlis, 1904, I, p. XII e ss.).

⁶ Clarinda Maia sinala que o *Cancioneiro da Ajuda* ten algunhas particularidades de carácter gráfico en relación cos códices dos *Cancioneiros da Vaticana* e do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*. No primeiro, os fonemas palatais /ɲ/ e /ʎ/ non se representan nunca polas grafías *nh* e *lh*. Estas, pola contra, están presentes nos códices da Vaticana e da Biblioteca Nacional (vid. 1986, p. 889 e C. Michaëlis, 1904, I, pp. XIV e ss.).

pectivamente, tivemos en conta as correccións de R. Lorenzo⁷. Con respecto ás coleccións de *Documentos* históricos, malia a falta, nalgúns casos, de edicións críticas fiables, consideramos importante incluílos no noso estudo. Os erros que se observan nalgúns deles son, segundo Clarinda Maia (1986, pp. 36 e ss.), sobre todo de carácter gráfico e, polo tanto, non afectarían gravemente á morfosintaxe e ó léxico.

Amáis deste tipo de problemas, hai outro alomenos tan complexo coma os anteriores. Os textos poéticos analizados son todos creacións orixinais en galego, pero a prosa medieval galega, na súa maior parte, está constituída por obras traducidas directamente do castelán: a tradución galega da *Crónica Xeral* e da *Crónica de Castela a Cronica Troiana* e a *General Estoria*. Noutros casos foron compostas a partir de orixinais casteláns; así ocorre, por exemplo, coa *Historia Troiana*. Por último, outros textos, coma os *Mirages de Santiago* ou o *Fragmento do Livro de Tristán*, servíronse para a súa elaboración de fontes latinas e francesas respectivamente.

Nos textos dos séculos posteriores, amáis do problema da edición a utilizar, atopámonos coa falta de normatización do galego escrito. Con respecto a isto, constatamos que os autores para supli-la falta de normas ortográficas crean as súas propias. A diversidade que achamos nos textos dos séculos XVII a XIX para representar graficamente as posibles contraccións de artigo e preposición *a*, dificulta en moitos casos a clasificación do material obxecto de análise. Con todo, como acabamos de sinalar, a maior parte dos escritores conscientes deste problema fan referencia no prólogo⁸ da súa obra ou no mesmo texto⁹ ó tipo de representación empregada. Cando isto non ocorre será o conxunto do texto o que nos permitirá deduci-la grafía.

Para a selección dos exemplos achamos outra dificultade, relacionada, neste caso, co tipo de criterios empregados para defini-la función de CD. Sen pretender teorizar sobre o concepto de CD, parécenos necesario explicalos criterios que tivemos en conta para identifica-las frases que desempeñan esta función.

O concepto de transitividade¹⁰ foi utilizado desde a gramática tradicional, unhas veces para se referir ás cláusulas que posúen predicado e CD e noutros para facer referencia a tódolos verbos que podían levar un CD. Con independencia do sentido que se lle dea a este termo, podemos considerar estruturas transitivas as constituídas por un verbo que, desde un punto de vista semántico, necesita a presenza dun obxecto que complete o seu significado. Este elemento, cando posúe unhas determinadas características formais, identificáremolo coma CD.

⁷ Para a *Historia Troyana* utilizámonos as "correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker" *Verba*, 9, 1982, pp. 253-290. No caso da *General Estoria* puidemos dispoñer das correccións, aínda non publicadas, que R. Lorenzo nos facilitou amablemente.

⁸ López Ferreiro comeza a súa novela *A tecedeira de Bonaval* cun *Aviso ao bondoso leutor* onde pretende dar unhas normas mínimas de escritura para o galego (vid. *Novelas de López Ferreiro*, Santiago de Compostela, 1953, p. 3).

⁹ X. Pintos indica os distintos acentos que, na súa opinión, se deben empregar na lingua galega escrita (vid. X. Pintos, *A gaita gallega*, 1853. Cito pola ed. fásimil, A Coruña, 1981, p. 69).

¹⁰ En Cano Aguilar faise unha análise das distintas teorías que sobre este termo se deron na gramática tradicional, lingüística estrutural e gramática xenerativa (vid. 1981, pp. 15-45).